

Regulamento do Traballo Fin de Máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Aprobado na Comisión Académica de 20 de xuño de 2013

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Este Regulamento do Traballo Fin de Máster (TFM) en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas ten por obxecto a regulación do proceso de realización e avaliación dos TFM da titulación de Máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas que se imparte na Facultade de CC. Económicas e Empresariais.

Desenvólvese ao abeiro da Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos Fin de Grao e Fin de Máster da Universidade de Santiago de Compostela

Capítulo 1. Consideracións Xerais

Artigo 2. Características do TFM

O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro (na súa redacción dada polo RD 861/2010), regula a nova estrutura dos plans de estudos de titulacións adaptadas ao EEES e establece no seu artigo 15 sobre Directrices para o deseño de títulos de Máster Universitario:

3. Estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa pública dun traballo de fin de máster, que terá entre 6 e 30 créditos.”

Neste plan de estudos, o TFM ten unha carga lectiva de 9 créditos e será realizado de forma individual.

Artigo 3. Obxectivo do TFM

O TFM consiste na elaboración, por parte do alumnado, dun traballo orixinal no que se acrediten os coñecementos e destrezas adquiridas durante os estudos realizados no máster. En concreto:

- G2 Aplicar os coñecementos adquiridos á realidade do sector turístico.
- G3 Resolver problemas en contornos novos ou pouco coñecidos.
- G4 Tomar decisións a partir de información incompleta ou limitada.
- G5 Comunicar información, ideas, problemas e propostas de solución a públicos especializados e non especializados.
- G6 Integrar coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas.
- E15 Utilizar técnicas de recollida e análise de datos.
- E16 Aplicar metodoloxías científicas adecuadas.
- T2 Demostrar razoamento crítico.
- T3 Analizar e sintetizar a información.

- T5 Formular propostas creativas e emprendedoras.

Artigo 4. Contidos do TFM

O/a estudante deberá realizar e presentar un traballo no que demostre as competencias adquiridas ao longo dos seus estudos. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación e defensa. Dependendo da temática que se aborde poderá incluír, ademais, unha parte empírica sinxela ou unha análise de casos.

Artigo 5. Funcións da Comisión Académica do Master

A Comisión Académica do Máster será a encargada de exercer as competencias que se establecen no artigo 3 da Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM e as que se desenvolvan neste Regulamento. Entre elas estarán as seguintes:

- Establecer a convocatoria anual
- Determinar os sistemas de titorización
- Aprobar a proposta dos temas e a súa asignación
- Instrumentar e publicar un procedemento para a asignación dos titores/as e os temas que poderán desenvolverse na elaboración do Traballo,
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/ra asignado
- Fixar as características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo,...), dentro dos límites fixados neste Regulamento
- Aprobar os tribunais de avaliación
- Autorizar os traballos que se someterán a avaliación en cada oportunidade
- Establecer as datas de depósito e defensa pública dos traballos
- Resolver as incidencias graves relativas a esta materia

Artigo 6. Matrícula e réxime de convocatorias

Rexerase pola convocatoria de matrícula de cada curso académico en canto a requisitos, prazos e demais circunstancias

Cada matrícula se corresponde con unha convocatoria. En cada convocatoria, o alumno/a terá dereito á presentación do traballo en dúas ocasións en calquera das tres oportunidades que se ofrecen ao longo do curso.

O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de dous. No caso de obter non presentado en todas as oportunidades, considerase consumida a convocatoria. Para poder realizar a presentación do traballo no curso seguinte será necesaria a formalización de nova matrícula

Capítulo 2. Propostas, titores e asignación dos TFM

Artigo 7. Titor/ra do TFM

Cada TFM require un titor/ra que será persoal docente e investigador (PDI) das áreas de coñecemento que impartan docencia na titulación.

Os TFM poden desenvolverse parcialmente no marco de convenios con empresas ou institucións, ou no marco de convenios de intercambio de estudantes (ERASMUS, SICUE,), sempre que o convenio o permita.

Caberá a posibilidade dun/ha cotitor/ra no suposto de que as características do TFM ou do/a titor/ra así o aconsellen.

Artigo 8. Temas dos TFM

O/A Coordinador/a do Máster, á vista dos alumnos matriculados, solicitaralle aos departamentos con docencia na titulación a proposta de títulos e titores. Os departamentos enviaranlle as propostas ao/á coordinador/a.

Artigo 9. Asignación dos Temas dos TFM.

Rematado o prazo de matrícula, a Comisión Académica do Máster abrirá o proceso para o desenvolvemento dos TFM nese curso académico. Primeiro extraerase a lista de alumnado repetidor que, mediante escrito razoado e co visto e prace do seu titor/a; solicite repetir título e titor/ra. Os que non o fagan someteranse ao procedemento novo de asignación que se vai abrir, onde se integrarán no caso de que non fose posible esa repetición. Esta opción para os estudantes repetidores só poderá utilizarse unha vez.

O proceso de asignación de TFM realizarase segundo o seguinte procedemento:

- Cada curso académico, a Coordinación do máster comunicará ao alumnado unha relación das liñas xerais de Traballos Fin de Máster.
- O alumnado remitirá a organización do máster no prazo establecido pola coordinación un orde de preferencia de cinco liñas e o seu expediente académico na licenciatura, diplomatura ou grao.
- A asignación de traballo e director ou codirector realizarase, tendo en conta as preferencias expresadas polo alumno na petición de asignación, seguindo un criterio de prioridade en función do expediente académico de cada solicitante.
- A Comisión Académica aprobará a asignación definitiva e a remitirá ao/á coordinador/a para a súa publicación.

Artigo 10. Funcións do/a titor/ra

O titor/ra programará sesións de traballo co estudante, que serán as que indique a normativa da USC, nas que establecerá a programación das tarefas que debe realizar e orientará o traballo. Son funcións do titor:

- Asesorar ao alumno na concreción do traballo.
- Asesorar ao alumno en canto á estrutura a seguir, métodos de investigación a utilizar, forma de redactar os informes, etc.
- Supervisar o traballo do alumno e realizar un seguimento dos progresos parciais do alumno na elaboración do traballo.

- Aconsellar ao alumno no relativo á presentación, asesorándoo nas técnicas de exposición e defensa do traballo.

A Comisión Académica poderá aprobar a designación dun/ha codirector/a coas funcións que determine.

Os directores e codirectores do traballo non se implicarán persoalmente no proceso de traballo desenvolvido nin nos seus resultados. O traballo fin de máster é, ante todo, responsabilidade do alumno.

Unha versión completa e final do Traballo Fin de Máster deberá entregarse ao titor nas datas establecidas pola Comisión Académica.

O/A titor/ra debe emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento ata o momento do depósito do TFM e para os efectos de que se teña en conta polo Tribunal avaliador.

O Traballo Fin de Máster poderá contar coa conformidade do titor para a súa presentación.

Capítulo 3. Características dos TFM

Artigo 11. O documento presentado amosará o traballo desenvolvido polo alumno. Como norma xeral, incorporará como mínimo os seguintes apartados:

A estrutura do traballo seguirá, en xeral, o seguinte esquema:

1. Páxina inicial: Nesta páxina aparecerá:
 - a. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
 - b. Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas
 - c. O título completo do TFM
 - d. Nome do estudante
 - e. Universidade de Santiago de Compostela
 - f. Curso académico de presentación
2. Índice
3. Introducción
4. Capítulos
5. Conclusións
6. Bibliografía
7. Anexos, se os houbera

A extensión e o formato no que ten que ser presentado o TFM será establecido pola Comisión Académica e publicado na guía docente da materia.

Capítulo 4. Depósito e defensa dos TFM

Artigo 12. Prazos.

A Comisión Académica do Máster aprobará os períodos de avaliación dos TFM, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

Artigo 13. Depósito do TFM

O traballo definitivo, que cumpre a normativa de edición establecida pola Comisión Académica e que debe contar coa conformidade do titor, será entregado no Decanato nas datas establecidas pola Comisión Académica. O alumnado debe entregar:

- a) Traballo orixinal e resumo executivo
- b) Copia en soporte informático CD-ROM;
- c) Tres copias en papel do traballo e do resumo para entregar aos membros do Tribunal.

O depósito implica a defensa do TFM na primeira oportunidade de avaliación que teña lugar. Se non obtén unha cualificación de aprobado ou superior, o estudante pode solicitar a devolución dos orixinais e copias e deberá volver a realizar o depósito na seguinte oportunidade de avaliación á que decida concorrer.

Artigo 14. Defensa pública dos TFM

Os TFM requirirán sempre de presentación e defensa pública.

Capítulo 4. Avaliación do TFM

Artigo 15. Tribunais de avaliación

Cada Tribunal estará formado por tres membros que serán persoal docente e investigador da titulación, dos que alomenos un procurarse que pertenza ao Departamento do/a titor/ra do TFM, e, polo menos, un suplente. Os titores dos traballos avaliados non poderán formar parte dos tribunais. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

En cada Tribunal haberá un/unha presidente/a e un/unha secretario/a. Utilizarase o criterio de categoría docente e antigüidade para nomear o presidente/a que será o de maior categoría e máis antigo e o/a secretario/a, será o de menor categoría e máis novo. O/a presidente/a e secretario/a exercerán como tales en todas as actuacións. Procurarse que a participación dos membros dos tribunais sexa rotatoria.

No caso de que un dos membros do Tribunal non poida asistir e deba actuar o suplente, este substituirá ao membro ausente tamén no cargo que ostentaba dentro do Tribunal.

A Comisión Académica do Máster aprobará os tribunais que actuarán en cada oportunidade de avaliación, unha vez coñecidos os estudantes que efectuaron o depósito para esa oportunidade

Artigo 16. Requisitos de avaliación

Os TFM só poderán ser avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todas as materias restantes do plan de estudos e dispón de todos os créditos necesarios para a obtención do título de Máster, salvo os correspondentes ao propio TFM.

A Comisión Académica deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa avaliación. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e avaliación aínda non se recepcionaran todas as actas de exame das materias, o/a Coordinador/a solicitaralle ao profesorado encargado das materias, que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia someterse a avaliación nesa oportunidade. Estes informes teranse en conta no momento de cualificación dos Traballos.

A Comisión Académica do Máster aprobará e remitirá para a súa publicación, a listaxe de alumnado autorizado xunto cos tribunais de avaliación.

No caso de que algún estudante defenda o TFM sen cumprir este requisito, esta avaliación non producirá efectos.

Artigo 17. Criterios de Avaliación

Os membros do Tribunal de Avaliación realizarán un informe, segundo o modelo que elaborará a Comisión Académica para estes efectos e publicado na guía docente da materia.

A cualificación final do TFM obterase como media xeométrica (indicada cunha cifra decimal) das cualificacións outorgadas polos membros do Tribunal.

O Tribunal de Avaliación poderá ter en conta, no momento de cualificar o traballo, o informe previamente presentado polo titor/ra do TFM.

Artigo 18. Proceso de Avaliación

- a) Cada membro do Tribunal de Avaliación cualificará os apartados que se indiquen. Cando os membros do Tribunal consideren que o TFM non é apto para a defensa pública, o/a presidente/a do Tribunal de avaliación remitiralle esta decisión á Comisión Académica do Máster coa debida xustificación, interrompéndose o proceso de avaliación.
- b) O/a presidente/a do Tribunal de avaliación realizará a convocatoria de avaliación.
- c) Unha vez realizada a defensa pública, os membros do Tribunal completarán o proceso de avaliación do TFM.
- d) O Tribunal de avaliación fará pública a valoración de traballo, que poderá realizarse ao final de cada sesión de exposicións se o Tribunal é compartido e así o decide.

O alumnado terá dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios.

Artigo 19. Outras Situacións nas que se interrompe o proceso de avaliación
A Comisión Académica do Máster ou o Tribunal de Avaliación poderán interromper o proceso de avaliación se concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) Desenvolver o TFM de xeito notoriamente alleo aos contidos propios da titulación.
- b) Non adaptarse o TFM ao establecido no artigo 11.

A Comisión Académica do Máster ou o Tribunal de avaliación interromperán necesariamente o proceso de avaliación se presenta un TFM que coincida co traballo realizado polo alumno noutras materias ou actividades da titulación, ou que non sexa orixinal.

Capítulo 5. Dereitos do alumnado. Publicación dos traballos.

Unha copia electrónica dos TFM superados quedará depositada no Centro e poderán ser utilizados para usos académicos e de investigación na USC, coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos, o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo orixinal.

A Comisión Académica do Máster poderá propoñer a publicación dos TFM que destaquen pola súa calidade. Os autores destes traballos, co visto e prace do titor/a, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no repositorio institucional da USC

Disposición Final. Entrada en vigor

Este Regulamento será de aplicación a partir do curso 2013-14.

Disposición Derrogatoria.

Queda derrogado o actual Regulamento de TFM en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas.